



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o artigo 76 da Lei de Saúde de Galicia, é competencia da Consellería de Sanidade:

- A) A planificación da ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) O nomeamento e cesamento dos altos cargos da Administración Pública sanitaria da Xunta de Galicia.
- C) A aprobación do proxecto de orzamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

2. O artigo 43 da Constitución Española reconece o dereito a:

- A) A protección da propiedade privada.
- B) A protección da imaxe.
- C) A protección dos datos de carácter persoal.
- D) A protección da saúde.

3. De conformidade co artigo 35 da Constitución Española, todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de:

- A) Sexo.
- B) Relixión.
- C) Raza.
- D) Opinión.

4. Segundo o artigo 43 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, o complemento destinado a retribuir a participación do persoal estatutario dos servizos de saúde en programas ou actuacións concretas denomínase:

- A) Complemento de destino.
- B) Complemento de produtividade.
- C) Complemento específico.
- D) Complemento de especial dedicación.

5. De conformidade co artigo 42 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, é unha competencia das Corporacións Locais:

- A) O control sanitario de saunas e centros de hixiene persoal.
- B) O control sanitario dos cemiterios.
- C) O control sanitario dos hoteis e centros residenciais.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

6. Segundo o artigo 30 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, o órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Traballo ao que corresponde o asesoramento, avaliación, colaboración institucional, elaboración de informes e estudos e propostas de actuación en materia de violencia de xénero, denomínase:

- A) Observatorio Estatal de Violencia de Xénero.
- B) Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller.
- C) Delegación Especial do Goberno contra a Violencia de Xénero.
- D) Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.

7. De conformidade co artigo 73 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, as sancións por faltas disciplinarias moi graves impostas ao persoal estatutario prescriben:

- A) Aos 10 anos.
- B) Aos 5 anos.
- C) Aos 4 anos.
- D) Ao ano.

8. De conformidade co artigo 18 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria, as historias clínicas son propiedade de:

- A) O paciente, en todo caso.
- B) O persoal médico responsable da súa asistencia.
- C) A familia do paciente, no suposto de falecemento deste.
- D) A Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.

9. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o control da acción executiva da Xunta corresponde a:

- A) O Parlamento de Galicia.
- B) O Presidente da Xunta.
- C) O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

10. De conformidade co artigo 50 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, os postos de xefatura de servizo das áreas de xestión e servizos, proveranse polo sistema de:

- A) Libre designación.
- B) Concurso de méritos.
- C) Avaliación colexiada.
- D) Defensa pública dun proxecto técnico ou entrevista relacionados coa xestión da unidade.

Preguntas de reserva

1. Segundo o artigo 12 do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Parlamento elixirá de entre os seus membros:

- A) Un Presidente.
- B) A Mesa.
- C) Unha Deputación Permanente.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

2. De conformidade co artigo 20 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, conservarase indefinidamente a seguinte información contida na historia clínica do paciente:

- A) Informes de anestesia.
- B) Informes de necropsia.
- C) Toda a información contida na historia clínica do paciente debe conservarse indefinidamente.
- D) As respostas a) e b) son correctas.